



# O MOVIMENTO LGTBI



# Introducción

Imos falar sobre o Movemento LGTBI.

Lucía vai falar de: a Homosexualidade e o Lesbianismo.

Shaira vai falar de: a Bisexualidade e a Transexualidade.

E por último o noso compañeiro Jesús que vai falar de: a Pansexualidade e a Asexualidade.

Esperamos que vos guste moito e que saquedes unha conclusión de este tema.

Feito por Lucía, Shaira e Jesús de 5º.



# A

# HOMOSEXUALIDADE

Por Lucía de 5º

A homosexualidade é a atracción romántica e sexual entre membros do mesmo xénero. A bandeira foi deseñada por Gilbert Baker pola década dos 70.

O comportamento homosexual podemos observalo no resto de especies animais.

Aínda que a homosexualidade serve para nomear a atracción entre dous homes ou dúas mulleres, soe usarse para os homes.



"El miedo es cómo comportarse como si la verdad no fuera cierta". Elthon John.

# O LESBIANISMO

O lesbianismo é a atracción dunha muller cara outra muller. Ten dúas bandeiras. CALES SON? a primeira é a que máis se coñece. Está composta por diferentes tonalidades de rosa, no medio ten unha raia branca e debaixo ten un rosa claro, e por último, ten tonalidades de vermello.

Logo está a do movemento lésbico, que ten un fondo lila e logo ten unha especie de triángulo negro, e dentro dese triángulo, hai un macahdo . Foron deseñadas por un deseñador gráfico gay chamado Sean Campbell no ano 1999.

Arredor da historia, pensábase que ser gay ou lesbiana era unha enfermidade, o que facían os homes era casarse coas mulleres lesbianas para "Curar esa enfermidade".

Como exemplo podemos presentar a historia de Marcela e Elisa, dúas rapazas que se querían, e neses tempos non estaba ben. Elisa disfrazouse de home e Marcela casouse cun amigo seu que pensaba igual que elas, e a que se disfrazou, finxiu ser "O irmán de Marcela".

O que eu sacho de todo isto é que temos que aceptar ás persoas tal e como son, dá igual se son gays o lesbianas, SON PERSOAS.

**"Yo no estudié para lesbiana. Ni me enseñaron a ser así. Yo nací así. Desde que abrí los ojos al mundo. Yo nunca me he acostado con un señor. Nunca. Fíjate qué pureza, yo no tengo de qué avergonzarme... Mis dioses me hicieron así". Chavela Vargas.**

## QUE É A BISEXUALIDADE?

A bisexualidade defínese como a atracción romántica, a atracción sexual ou a conducta sexual dirixida tanto cara homes como mulleres. Tamén defínese como a atracción romántica ou sexual cara persoas de calqueira sexo ou identidade de xénero.

Rinna Riesenfeld, unha das sexólogas mais reconocidas de México, propón cando menos nove formas de bisexualidade. A continuación expoñemos as catro máis coñecidas:

1. **Bisexualidade de vitrina:** son as persoas que teñen tantos medos e prexuízos que non poden nin sequera fantasear cun sexo distinto que do que fan.
2. **Bisexualidade momentánea:** refírese á xente que nalgún periodo, empurrada por diversas necesidades, vivíuse como bisexual.
3. **Bisexualidade periódica:** é, segundo Riesenfeld, aquelas bisexuais que teñen períodos de tempo en que son heterosexuais exclusivas.
4. **Bisexualidade simultánea:** aínda que a sociedade xeralmente cre que os bisexuais son persoas que necesitan relacionarse con persoas dos dous sexos á vez para estar satisfeitos, iso só ocorre nalgunhas persoas, coñecidas como "bisexuais simultáneos".

"SI, SON BISEXUAL  
NON, NON ESTOU CONFUNDIDX."

# A TRANSEXUALIDADE

A transexualidade é cando te consideras o contrario do sexo naciches e queres cambialo. Se es home, comportaríasate como unha muller e, ademais, queres ser feminino biolóxicamente.

Shaira de 5º

A información es de El País.

# A asexualidade

A asexualidade é a falta de atracción sexual cara a outros, ou o baixo ou nulo interese no desexo de actividade sexual. Pode ser considerada como a ausencia de orientación sexual ou unha das súas variacións xunto coa heterosexualidad, a homosexualidade e a bisexualidad. Tamén pode usarse como unha denominación xeral para categorizar un espectro máis amplo de varias subidentidades asexuales.

Jesús de 5º



# **A pansexualidade**

A pansexualidade é a atracción sexual, romántica ou emocional cara a outras persoas independentemente do seu sexo ou identidade de xénero. Non existe un consenso na súa definición, xa que cada persoa defínea segundo a súa propia subxectividade.

Jesús 5º




# **MOITAS GRAZAS POR LER A NOSA REVISTA!**

Nós inspirámonos para facer esta revista ou este xornal por cousas que pasan en países coa discriminación e porque nós leímos un artigo no que contaba que unha rapaza suicidábase porque a discriminaban por ser bisexual.

Agora nós pedímosvos que si encontrades ou observades algunha situación onde unha persoa sea discriminada por ser gay ou bisexual, axudade a esa persoa, non quededes parados.

**ESPERAMOS QUE VOS  
ENCANTARA!**



# O MOVIMENTO LGTBI

